# Curso 2021-2022

# C2106173  PFPP C2131145
# Planificación e xestión da internacionalización do CIFP Imaxe e son

## Coordinador: Carlos Luis Oro Claro

## Documentación final
## elaborada polos membros do grupo de traballo.

## 1. Lexislación vinculada á Internacionalización de CIFP Imaxe e son.

https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/document/erasmus-guia-del-programa-2021

http://sepie.es/educacion-superior/index.html

https://www.edu.xunta.gal/fp/programas-internacionais

*Sistemas educativos en Europa*
**https://www.educacionyfp.gob.es/mc/redie-eurydice/datos-cifras-europeos/sistemas-educativos-europeos.html**

En cada país contactar coa embaixada española e falar co Asesor técnico docente.

## 2. Departamentos e persoal implicado. Organigrama e roles.

Alumno/a




Titoría de 2º

| Animación | Iluminación | Produción | Son | Realización |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |

FCT

Coordinación internacional

Pendente de elaboración Organigrama e definición de roles e funcións

## 3. Selección de empresas.

### 3.1) Busca de empresas de destino da mobilidade.

O ideal é crear cinco grupos de traballo, un por especialidade: Animación, Imaxe, Produción, Realización, Son. Coordinados polo titor/a de 2º cada grupo informará sobre escolas e empresas europes da súa especialidade de interese para a Escola e o alumnado.

1. Outra fonte de información serán as Asociacións profesionais: AGATEC, AGAI, Cluster Audiovisual e tamén empresas do Sector Galegas.

O alumnado interesado nas mobilidades deberá participar de forma activa na busca da súa empresa de destino.

O CIFP Imaxe e son debería enviar unha felicitación de Nadal a cada escola e empresa coa que participen nas mobilidades.

### 3.2) Selección de países como lugares de destino.

Propomos seleccionar nunha primeira etapa de busca de escolas/empresas socias en Europa as localizadas en:

Irlanda. Todas as especialidades.
Italia. Todas as especialidades.
Portugal. Animación
Suecia. Animación

As razóns:

> Centralizar o lugar de destino do alumnado facilita a xestión das estadías.
> O profesorado pode visitar varias empresas nunha mesma viaxe.
> A xestión da intendencia se simplifica.

### 3.3) **Desde CIFP Imaxe e son deberemos:**

a) Seleccionar unha cidade de cada país.
b) Contactar temáticamente coas Escolas superiores.
c) Visitar as Escolas e contactar/visitar as empresas do lugar.
d) Contactar e xestionar a oferta de mobilidades coas empresas de destino.

En troques CIFP Imaxe e son deberemos contactar con empresas galegas para solicitarlle que oferten prazas de FCT a alumnado europeo.

## 4. Definición de obxectivos para o curso 2021-2022.

**Estamos implicados no Consorcios seguinets e nun proxecto propio de mobilidade:**

**ACOREUROPA.**
Seguir implicados no Consorcio. Convidar ao noso alumnado que se presente.

**CARTES**
Seguir implicados no Consorcio. Valorar destinos ofertados por si son ou non de interese para a Escola.

**XUNTA DE GALICIA**
Seguir implicados no Consorcio. Valorar a participación na oferta de mobilidade si seon aceptadas as mobilidades do proxecto propio.

**PROXECTO PROPIO**
Solicitadas mobilidades de profesorado e de alumnado para o curso 22-23

_ Solicitadas 6 mobilidades de profesorado de 5 días, en total: 30 días.
_ Solicitadas 5 mobilidades alumnado.

## 5. Calendario ANUAL ofertas de mobilidades de profesorado e alumnado




### 5.1 Mobilidades do alumnado:

Datas nas que o alumnado que vai á  FCT e debe ser informado das mobilidades:

**Abril_** Alumnado que supera os módulos formativos na primeira convocatoria.

*Informar ao alumnado en Outubro do ano anterior.*

**Outubro_** Alumnado que recuperou módulos pendentes no terceiro trimestre do curso anterior.

*Informar ao alumnado en Xuño  do ano anterior.*

**Xaneiro_** Alumnado que non se presentou antes á FCT

*Informar ao alumnado en Outubro  do ano anterior.*

## 5.2 Información sobre as convocatorias e seguimento.

***Setembro_***
Reunión profesionais do CIFP implicados nas mobilidades.

***Outubro_***
Informar ao alumnado e profesorado das mobilidades.

***Xaneiro_***
Concretar e cuantificar ao alumnado interesados nas mobilidades.
O alumnado interesado presenta:

+ Carta de presentación.
+ CV en inglés
+ Portfolio

O alumnado que solicita a mobilidade, guiado polo titor/a, responsable de FCT e coordinador internacional inicia a busca activa de empresa de destino e propón empresas nas que facer a FCT.

Seleccionado o alumnado e atopada a empresa, en función de cada oferta de mobilidade se seguirá o protocolo que corresponda.

## 6. Actualización da páxina web/internacional.

A información sobre as ofertas de mobilidades será pública na páxina web co centro. A información sobre os procedementos será publicada no taboleiro de anuncios do centro.





## 7. Webs de interese para as mobilidades.

***Persoal prácticas:***

- ►**Erasmus internacional: https://erasmusintern.org/**
- ► **Dop´pin@eures: https://www.europeanjobdays.eu/en/company/droppineures**
- ► **Eurodyssee: https://eurodyssey.aer.eu/**

***Intendencia***

- ► **ESN https://www.esn-spain.org/**
- ► **AEGEE https://www.aegee.org/**
- ► **AIESEC https://www.aiesec.org.es/**

**Difusión**

- ► **Redes sociais do CIFP Imaxe e son :**

**https://www.facebook.com/people/Escola-de-Imaxe-e-Son/100063716162762/**

**https://twitter.com/eis_imaxeson**

**https://www.instagram.com/accounts/login/?next=/cifp.imaxe.son/**

**https://vimeo.com/cifpimaxeson**

- ► **Páxina web https://cifp.eis.gal/**

- ► **Café viajero SEPIE http://sepie.es/comunicacion/cafe_viajero.html**

## 8. Pendente de elaborar:

- **Listaxe de empresas por país/especialidade.**
- **Listaxe de empresas galegas que oferten prazas a estudantes europeos.**
- **Guía anual de actualización de Empresas Europeas**

## Conclusións

**1. Formación de FCT en Europa, procedemento de selección de empresas de destino.**

1.1. Están implicados no procedemento:

a) Persoal do CIFP Imaxe e son:

- ► Titor/a de 2º.
- ► Responsable de FCT
- ► Coordinador de Programas internacionais.

b) Persoal de Centro formativo asociado no país de destino.

- ► Titor/a que fará o seguimento do alumnado.

1.2. Para respectar o protocolo legal e garantir a calidade da FCT,

O titor/a de 2º debería:

- Visitar o centro formativo europeo que fará o seguimento do alumno.
- Visitar a Empresa na que o alumnado fará a FCT.

FCT e Coordinación internacional colaborarán na xestión da documentación administrativa.

1.3. Derivado do traballo que suporá a actividade da Titoría de 2º nas mobilidades dos titorandos propoñemos se valore a posibilidade de axustar a carga horaria dos titore/as implicados.

**2. Definición de Participantes, Obxectivos e Calendario**

Para organizar as mobilidades do alumnado e do profesorado propomos convocar a principio de curso unha reunión na que definir Obxectivos, Persoal participante e roles, Actividades e Calendario.

Os convocados serían:

- ► Alguén do equipo directivo.
- ► Todos os titore/as de 2º
- ► FCT
- ► Internacional

Será o momento tamén de informar ao claustro da posibilidade de participar en Proxectos europeos.

**3. Consorcios e programas nos que estamos implicados e nos que seguiremos participando.**

- ► ACOREUROPA. Seguiremos participando. É de interese para o alumnado.
- ►CARTES. Seguiremos participando. É de interese para o profesorado.
- ►XUNTA DE GALICIA. Seguiremos participando. É de interés para profesor. E alum.
- ►PROXECTO PROPIO. Están solicitadas mobilidades para profesorado e alumnado.

**4. Atención ás necesidades económicas do alumnado nas mobilidades.**

Propomos que se teña en consideración a situación económica do alumnado para garantir que todos os membros da comunidade educativa poidan optar as becas de mobilidade.

A Coruña, maio 2022.